

CIRCULAR 68-2024

IX CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PÉNTATLON DE LANZAMENTOS MÁSTER

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o IX Campionato Xunta de Galicia de Péntatlon de Lanzamentos Máster, o 4 de Maio, a celebrar nas pistas da Universidade de Santiago de Compostela.

Art.2).- Poderán participar atletas da categoría Máster con licenza na presente tempada pola FGA.

- Dada a limitación de prazas dispoñibles, limitarase o número de atletas en función das inscricións.
- Será obrigatorio ter marca acreditada en, polo menos, tres das cinco probas dende o 1 de xaneiro de 2023.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 29 de abril do 2024.

A maiores, no caso de atletas sen marca no Péntatlon de Lanzamentos, deberá remitirse a competicion@atletismo.gal e dentro do prazo de inscrición, a relación de marcas realizadas de xeito individual nas probas que o compoñen, indicando data e lugar da súa consecución.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 20:00 horas do mércores 1 de maio e serán remitidas a direcciontecnica@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.7).- Horario

Cámara de Chamadas		HORARIO	
Apertura	Saída a Pista	Hora	Proba
9:25	9:30	10:00	Martelo
-	-	11:25	Peso
-	-	12:40	Disco
15:55	16:00	16:30	Xavelina
-	-	17:50	Martelo Pesado

*A entrega de artefactos persoais para homologar farase ata 50 minutos antes do comezo da competición.

Art.8).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 1 de abril de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo